

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CONFRARÍA DE PESCADORES "LA ANUNCIADA" DE BAIONA, PARA XESTIONAR A MELLORA DA ACCESIBILIDADE AO ESPAZO PARA A DIVULGACIÓN E A POSTA EN VALOR DA CULTURA MARIÑEIRA NA LONXA DE BAIONA MEDIANTE UN SISTEMA DE ATENCIÓN DESASISTIDO PARA O PERÍODO 2024-2028

Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, **Marta Villaverde Acuña**, en calidade de directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (NIF S1511001H), nomeada por Decreto 123/2024, do 29 de abril (DOG núm. 85 do 30.04.2024), en virtude das facultades conferidas polo artigo 8 da Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos da dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

Doutra parte, Roberto Cabral Barra, Patrón Maior da confraría de pescadores "La Anunciada" de Baiona (NIF G36618510), segundo a información que consta no Rexistro de Confrarías de Pescadores (Tomo II, Libro 8, Volume 1) tomou posesión do seu cargo como patrón maior o 17 de febreiro de 2023, e ten poderes suficientes para a celebración deste acto segundo a reunión da Xunta Xeral do 07.03.2023.

EXPOÑEN:

-Que a Consellería do Mar ten entre as súas competencias as relativas a innovación, a investigación mariña e as relativas a divulgación e transferencia tecnolóxica sobre o mar e a pesca, que executa tanto a través dos seus propios recursos e programas como en colaboración con outras entidades, apoiando as accións que coinciden cos obxectivos da Consellería.

-Que a Consellería a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, participou coma beneficiaria do proxecto Ecodestin_3in, dentro do cal se levou a cabo a execución dunha acción piloto para mellorar a accesibilidade ao espazo para

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



a divulgación e a posta en valor da cultura mariñeira mediante un monumento singular desasistido.

-Que para executar esta acción piloto, de mellora da accesibilidade e a interpretación nun monumento singular desasistido, seleccionouse a instalación da lonxa de Baiona, coma un espazo onde ofrecer unha interpretación sobre a cultura mariñeira.

- Que a confraría de pescadores "La Anunciada" de Baiona é unha corporación de dereito público, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas, que actúan como órganos de consulta e colaboración coa administración na promoción do sector pesqueiro e representan intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector.

- Que a confraría de pescadores "La Anunciada" de Baiona xestiona, en réxime de concesión administrativa, a lonxa de Baiona e está interesada en prestar apoio no mantemento deste proxecto Ecodestin_3in, en concreto, na actuación que trata de converter a lonxa de Baiona nun monumento á cultura marítima desta localidade e para dar servizo como un espazo para a divulgación, adquisición de coñecementos e posta en valor da cultura mariñeira de Baiona.

- Que as confrarías de pescadores (coma concesionarios das lonxas) poden realizar actividades de turismo mariñeiro orientadas á valorización e difusión do seu traballo no medio mariño, así coma os costumes, tradicións, patrimonio e cultura mariñeira; tal e coma se establece no art. 112 da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia (DOG núm. 243, de 16.12.2008). Estas actividades consideraranse coma complementarias ás actividades propias do colectivo de profesionais do mar.

- Que os días dedicados polas persoas mariscadoras ao turismo mariñeiro computan para a renovación das habilitacións para o exercicio do marisqueo sempre que a dita actividade se contemple no plan de xestión aprobado tal e coma se establece na disposición adicional segunda do Decreto 153/2019, de 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas (DOG núm. 233, de 09.12.2019).

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



- Que ambas as partes consideran de interese a colaboración nas actuacións obxecto deste convenio porque contribúen de forma clara a acadar os obxectivos do proxecto Ecodestin_3in contribuíndo á valorización do patrimonio cultural e natural, tanto material coma inmaterial, ao desenvolvemento do turismo costeiro e a promoción internacional de Galicia e da Eurorrexión como destino náutico e natural de costa e de interior ao promover a lonxa de Baiona coma monumento desasistido.

-Que por todo o exposto e dada a coincidencia de intereses e obxectivos comúns e as especificidades que concorren, faise necesario acudir á figura do convenio de colaboración regulado no artigo 14 da Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico e nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA. - Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e a confraría de pescadores "La Anunciada" de Baiona mediante a cal, a confraría de pescadores encargárase de xestionar a mellora da accesibilidade ao espazo para a divulgación e a posta en valor da cultura mariñeira na lonxa de Baiona mediante un sistema de atención desasistido para o período 2024-2028, a partir da achega económica que reciba anualmente, para ese fin, por parte desta dirección xeral.

Polo presente convenio, esta dirección xeral cede a xestión do monumento singular desasistido á confraría de pescadores, a cal manterá os ditos elementos de mellora da accesibilidade e a interpretación e xestionará o funcionamento do sistema de atención desasistido da lonxa de Baiona.

SEGUNDA. - Obrigas da Consellería do Mar.

A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, comprométese a:

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



- Financiar o mantemento do monumento singular desasistido e a compensación dos custos nos que incorra a confraría de pescadores mediante achegas anuais durante a vixencia do convenio.
- O apoio e asesoramento técnico en relación coas actuacións deste convenio.

TERCEIRA. - Obrigas da confraría de pescadores "La Anunciada" de Baiona.

As actuacións a levar a cabo pola confraría de pescadores "La Anunciada" de Baiona, a través deste convenio, no espazo da Lonxa de Baiona son:

1. Mantemento e xestión do sistema de atención desasistido da lonxa de Baiona.
2. Mantemento e xestión dos elementos instalados para a mellora da accesibilidade e a interpretación na lonxa de Baiona.
3. Mantemento e xestión do sistema de seguridade, o que inclúe xestión do ficheiro de imaxes e o cumprimento das obrigas establecidas na normativa de protección de datos.
4. Ter en vigor un seguro de responsabilidade civil que cubra os danos producidos a terceiros no interior da lonxa e un seguro de danos que cubra os elementos instalados.

CUARTA. - Dirección dos traballos.

A confraría de pescadores "La Anunciada" designa ao patrón maior para realizar a dirección e seguimento da execución das actuacións enumeradas na estipulación primeira do presente convenio.

Por parte da Consellería do Mar, a dirección e o seguimento realizarase polo xefe/a do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro e o persoal técnico que se designe.

QUINTA. - Presentación de informes.

Os responsables da confraría de pescadores informarán ao responsable da Consellería do Mar da marcha das actividades previstas no convenio mediante a emisión dun informe anual da actividade. O correspondente informe anual será presentado non máis tarde do 15 de decembro de cada ano.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



No informe anual indicaranse o número de visitantes recibidos, de ser posible desagregados por sexos e idades (ao obxecto do seguimento do indicador de produtividade establecido no proxecto Ecodestin 3IN), ademais das incidencias ocorridas durante ese período de tempo.

O informe virá acompañado dunha memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos nese período.

SEXTA. – Financiamento.

A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, colaborará na realización das actuacións citadas na estipulación primeira do presente convenio cunha achega de vinte e oito mil euros (28.000,00 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 46.03.722A.640.8 (c.p. 2017 00103) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2028 distribuídos do seguinte xeito: 2024: 3.500,00 €; 2025: 7.000,00 €; 2026: 7.000,00 €; 2027: 7.000,00 € e 2028: 3.500,00 €.

O importe deste convenio será aboado pola Consellería do Mar a confraría de pescadores mediante transferencias á conta ES09 2080 5015 6030 4001 4794, trala entrega por parte da confraría de pescadores da documentación que figura na estipulación sétima.

SÉTIMA. - Xustificación e pago.

O importe que a consellería achegará ten como destino a compensación dos custos nos que incorra a confraría de pescadores La Anunciada, polo que non existe ánimo de lucro por parte desta última.

Este importe terá coma destino compensar os gastos relativos ao mantemento dos equipos, o das pólizas de seguros, persoal e os gastos derivados das obrigas de desinfección e limpeza.

A confraría de pescadores entregará xustificación documental dos gastos realizados baixo este convenio mediante as correspondentes facturas, nóminas, recibos e/ou certificados.

A data límite de entrega da documentación xustificativa será o 15 de decembro de cada ano, salvo o último ano de vixencia do convenio no que a data límite de

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal



entrega da documentación será dez días antes da finalización da vixencia do convenio.

O pagamento anual farase trala entrega por parte da confraría de pescadores do informe da actividade realizada e a memoria económica correspondente a cada período de xustificación.

Previo ao aboamento que corresponda, certificarase, polo Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro, que os traballos realizados se axustan ao previsto no presente convenio.

OITAVA. - Da responsabilidade en materia de protección de datos derivadas da gravación de imaxes polas cámaras de seguridade.

A instalación dun sistemas de videovixilancia na lonxa co fin preservar a seguridade, tanto das persoas e os bens como a da propia instalación, leva consigo o cumprimento, por parte da confraría de pescadores, do establecido no art. 22 da Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, de 06.12.2018), respecto ao tratamento de imaxes captadas por cámaras de videovixilancia.

A xestión deses datos persoais poderá realizarse de forma directa ou indirecta, mediante contrato con empresa especializada.

NOVENA. - Comisión de seguimento.

Para a supervisión deste convenio crearase unha comisión paritaria que coordinará o seu desenvolvemento, planificación e cumprimento. Esta comisión estará constituída polo/a director/a xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ou persoa que o/a substitúa, e un membro do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro en representación da Consellería do Mar, e polo/a patrón/patroa maior da confraría de pescadores La Anunciada de Baiona, ou a persoa que o/a substitúa, e outro membro da confraría de pescadores "La Anunciada", en representación da citada entidade.

Esta comisión, que estará presidida polo/a director/a xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou persoa que o/a substitúa, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste senso serán inmediatamente executivos.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



DÉCIMA. – Vixencia.

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura e por un período de 4 anos.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, despois de audiencia da outra parte e cun mes de adianto como mínimo.

Non obstante, se o desenvolvemento do convenio fose satisfactorio por ambas partes, as partes poderán formular addendas ao presente convenio, corrixindo ou prorrogando a súa vixencia antes de que chegue a data do seu remate. A súa vixencia pode prorrogarse como máximo por un período de dous anos.

DÉCIMO PRIMEIRA. – Responsabilidade das actuacións.

A sinatura do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e outro persoal que vaian a desenvolver as actividades previstas e a Consellería do Mar, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. – Resolución do convenio.

As partes poderán modificar o convenio antes da data de remate da súa vixencia, sempre que sexa de mutuo acordo, ou denunciar o convenio en calquera momento.

Será causa de resolución do convenio o incumprimento, reiterado e manifesto, das obrigas de cada unha das partes, que se comunicará formalmente á outra.

DÉCIMO TERCEIRA. – Normativa aplicable e xurisdición.

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



A posible discrepancia na aplicación e interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación novena.

A Xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

DÉCIMO CUARTA. - Transparencia e bo goberno.

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data mencionados.

Pola Consellería do Mar

A directora xeral de Desenvolvemento
Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
(*Asinado electronicamente*)

Pola confraría de pescadores "La
Anunciada"

O patrón maior

Roberto Cabral Barra
(*Asinado electronicamente*)

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

